

SESIÓN ORDINARIA DO COMITÉ DE CALIDADE DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA USC (EDIUS) DO DIA 28 DE MARZO DE 2022.

Dá comezo a xuntanza ás 12:00 horas, coa orde do día indicada e coa presenza dos seguintes membros:

Beatriz Álvarez Díaz, Manuel Cifuentes Martínez, Carolina López Gómez, Juan Manuel Monterroso Montero, Pablo Taboada Antelo, Eva Rodil Rodríguez, José Miguel Túñez López, Marco Eugenio Vázquez Sentís, Dolores Vilavedra Fernández, Margarita Estevez Saa, José Ángel Fernández Escribano, Isabel Fraga Carou, José Ángel García Alonso

Desculpan asistencia: Ana María Porto Castro, Miguel Guisantes Alonso,

ORDE DO DIA

1. Aprobación acta anterior
2. Informe do presidente da EDIUS
3. Informe dos subdirectores da EDIUS
4. Informe das alegacións ao informe provisional da ACSUG para a acreditación dos programas de doutoramento:
 - Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria
 - Filosofía
5. Asuntos de trámite
6. Rogos e Preguntas

1. Aprobación, se procede, da acta anterior

Acordase a aprobación da acta da Comisión do día 14/02/2022.

2. Informe do presidente da EDIUS

- O programa de doutoramento en Estudos Medievais decidiu non presentar alegacións o informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación da ACSUG. O PD recibiu un informe provisional en termos de favorable e asume o recollido no mesmo.
- Temos xa a inmensa maioría dos informes de avaliación final para a renovación da acreditación dos PD da ACSUG, polo que é necesario proceder a facer unha análise detallada dos mesmos. A Comisión de Calidade da EDIUS ten como unha das súas funcións a de facer o informe detallado do estado dos programas de doutoramento e presentarllo ao órgano competente na USC. Dende a dirección da EDIUS elaborouse un documento de Excel en formato "check list" para poder levar a cabo unha avaliación dos PD de forma sinxela e sistemática. A proposta da dirección da EDIUS para levar a cabo este traballo é a de repartir entre os membros de comité de calidade, por grandes áreas, os informes de acreditación dos PD (o listado dos mesmo aparece na táboa que se presenta a continuación). Os subdirectores das grandes áreas farán a organizarán entre o profesorado do

comité de calidade da súa grande área ó traballo a realizar. De ser posible na semana do 18 o 22 de abril os subdirectores das grandes áreas enviarán a EDIUS os ficheiros Excel coa avaliación dos programas da súa grande área. A dirección da EDIUS unha vez teña todos os ficheiros Excel fará un informe do estado dos PD da USC e o presentará en primeiro lugar o comité de calidade da EDIUS e a continuación o órgano competente da USC.

Listado de programas co informe de avaliación para a renovación da acreditación por grandes áreas:

Artes e Humanidades	
Estudos Culturais	
Estudos da Literatura e da Cultura	
Estudos ingleses avanzados	
Estudos Medievais	
Filosofía	
Lingüística	
Ciencias	
Ciencia e Tecnoloxía Química	
Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética	
Estatística e Investigación Operativa	
Física nuclear e de partículas	
Laser, Fotónica e Visión	
Matemáticas	
Ciencias da Saúde	
Avances e novas estratexias en Ciencias Forenses	
Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria	
Ciencias Odontolóxicas	
Endocrinoloxía	
Epidemioloxía e Saúde Pública	
Innovación en Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias	
Investigación Básica e aplicada en Ciencias Veterinarias	
Investigación clínica en Medicina	
Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos	
Medicina e Sanidade Veterinaria	
Medicina Molecular	
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	
Ciencias Sociais e Xurídica	
Comunicación e Información Contemporánea	
Dereito	
Desenvolvemento Rexional e Integración Económica	
Economía e Empresa	
Educación	
Marketing Político	
Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social	
Psicoloxía do Traballo	

Enxeñaría e Arquitectura	
Enxeñaría Química e Ambiental	
Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural e Civil	

Unha vez finalice esta reunión subirase toda a documentación necesaria para levar a cabo o proceso a un onedrive e compartirase con tódolos membros da comisión de calidade.

3. Informe dos subdirectores da EDIUS

Non hai

4. Informe das alegacións ao informe provisional da ACSUG para a acreditación dos programas de doutoramento:

- Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria

A comisión de calidade da EDIUS informa favorablemente as alegacións ao informe provisional da ACSUG para a acreditación do programa de doutoramento en Bioloxía Microbiana e Parasitaria.

- Filosofía

A comisión de calidade da EDIUS informa favorablemente as alegacións ao informe provisional da ACSUG para a acreditación do programa de doutoramento en Filosofía.

5. Asuntos de trámite

Non hai

6. Rogos e Preguntas

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesións as 12:30 h

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: Pablo Taboada Antelo

Asdo.: Eva Rodil

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: PABLO TABOADA ANTELO, DIRECTOR DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 30/06/2022 10:48:14.

Asinante/Firmante/Signer: EVA RODIL RODRIGUEZ, NIF ***2074**, 30/06/2022 10:45:48.

CSV: 606D-E6B3-4F3F-802C